

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES E MOCIDADE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **9 de decembro de 2021**

Ás 19.00 horas do día 9 de decembro de 2021, réunese a Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade, no salón de plenos da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Ana Patricia Torres Madureira

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a Ana María Villarino Pardo

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Elvira Lama Fernández

Deputados de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Non asiste a deputada do Grupo Socialista dona Margarita Pérez Fernández (substituída por dona Elvira Lama Fernández).

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 18 DE NOVIEMBRE DE 2021.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 18 de novembro de 2021.

Non se producen intervencións e por maioría a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade do día 18 de novembro de 2021, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE SOLICITUDE Á REAL ACADEMIA GALEGA PARA DEDICARLLE O DÍA DAS LETRAS GALEGAS DE 2023 A ANTÓN TOVAR BOBILLO.-

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, procede a dar lectura á moción do seu grupo relativa á solicitude á RAG para dedicarlle o Día das Letras galegas de 2023 ao poeta ourensán Antón Tovar Bobillo.

Na queda de intervencións a deputada non adscrita e os grupos de DO e PP explican a súa reserva de voto para o pleno e o grupo do BNG manifesta que apoiará esta proposta.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Socialista (3) e do BNG (1), e a abstención do Grupo Popular (5), de DO (1) e da deputada non adscrita, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1. Instar á Deputación Provincial de Ourense a solicitarlle á Real Academia Galega (RAG) que lle dedique o Día das Letras Galegas do ano 2023 ao escritor ourensán Antón Tovar Bobillo.
2. Instar ao goberno da Deputación Provincial de Ourense a que dea difusión, a través de todos os medios cos que conta a institución, da candidatura de Antón Tovar Bobillo para que lle sexa concedido o Día das Letras Galegas de 2023.

3º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se producen.

E, ás 17.15 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

